

CORRECCIÓN DE ERROS DO DOCUMENTO TITULADO “ANEXO IV – CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PRIMEIRA FASE (VALORACIÓN DE MÉRITOS)” E APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Advertido erro no documento titulado “ANEXO IV – CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PRIMEIRA FASE (VALORACIÓN DE MÉRITOS)”, publicado en data 15 de marzo do 2024, procede efectuar a seguinte corrección:

No punto 7.1.2.3 do apartado de “CRITERIO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA TÉCNICOS/AS SUPERIORES (PROCESOS SELECTIVOS REF.PER.-2024/01, REF.PER.-2024/03, REF.PER.-2024/04, REF.PER.-2024/08, REF.PER.-2024/09 e REF.PER.-2024/12)”, onde di:

*“3. **Coñecementos de inglés por riba do nivel mínimo esixido:** valoraranse os coñecementos de lingua inglesa por riba do nivel mínimo que se esixe como requisito específico para ser admitido no presente proceso selectivo, que é de Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes. Este criterio de selección aplícase por ser a lingua inglesa a maioritaria na comunicación científica (artigos, relatorios, portais web...) e na difusión e recuperación de información (bases de datos, buscadores...), acreditándose mediante a posesión dos títulos oficiais correspondentes enmarcados no MCERL. A valoración farase de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de un (1) punto:*

- *Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,60 puntos.*
- *Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1 punto”.*

Debe dicir:

*“3. **Coñecementos de inglés:** valoraranse os coñecementos de lingua inglesa por ser a maioritaria na comunicación científica (artigos, relatorios, portais web...) e na difusión e recuperación de información (bases de datos, buscadores...), acreditándose mediante a posesión dos títulos oficiais correspondentes enmarcados no Marco Común Europeo de Referencia do Consello de Europa (MCERL). A valoración farase de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de un (1) punto:*

- *Polo Nivel Usuario Básico A2 (Plataforma) do MCERL, Nivel Básico da EOI, KET (Key English Test) ou equivalentes: 0,10 puntos.*



- Polo Nivel Usuario Independente B1 (Umbral) do MCERL, Nivel Intermedio da EOI, PET (Preliminary English Test) ou equivalentes: 0,20 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes: 0,40 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,60 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1 punto.

Naquelas prazas nas que se esixa un nivel mínimo de coñecementos de lingua inglesa como requisito específico de admisión, valoraranse os coñecementos de lingua inglesa por riba do nivel mínimo requirido, que é de Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes. A valoración farase de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de un (1) punto:

- *Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,60 puntos.*
- *Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1 punto”.*

Unha vez realizada a antedita corrección, procede abrir un novo praza de presentación de solicitudes que será de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da presente corrección de erros. Terán o carácter de días inhábiles os sábados, os domingos e os festivos locais, autonómicos e nacionais. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 5 de abril do 2024 ás 14:00 horas. Transcorridos tres (3) días hábiles desde a data de finalización do prazo de entrega de candidaturas sen terse recibido algunha candidatura que fose remitida por correo, esta non será admitida en ningún caso. As solicitudes recibidas unha vez rematado o prazo para a presentación de candidaturas, consideraranse, a todos os efectos, como solicitudes fóra de prazo, sendo o/a candidato/a excluído/a do proceso selectivo.

